

CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE PERSOAL AVALIADOR PARA PARTICIPAR NAS COMISIÓNS DE AVALIACIÓN DOCENTE DO PROGRAMA DOCENTIA PARA O CURSO 2018-2019

Obxectivo

O manual de avaliación do Programa de Avaliación da Actividade Docente do Profesorado da Universidade de Vigo establece que as Comisións de Avaliación Docente (CAD) son os órganos responsables de realizar as avaliacións docentes quinquenais recollidas no programa.

O apartado 3.2.1 establece a composición mínima destas comisións, que será a seguinte:

- Presidente/a: Profesor/a da rama de coñecemento específica.
- Cinco vogais (que poderán ampliarse na mesma proporción en función do número de solicitudes de avaliación presentadas por rama):
 - Dous profesores/as da Universidade de Vigo nomeados polo reitor (designados polo Consello de Goberno a proposta do reitor). Un deles actuará como Secretario/a.
 - Dous profesores/as non pertencentes ao Sistema Universitario Galego, nomeados polo reitor a proposta da ACSUG.
 - Un/unha estudante/a da Universidade de Vigo nomeado polo reitor (designado polo Consello de Goberno a proposta do reitor).

O obxectivo desta convocatoria é cubrir as vacantes do panel de persoas avaliadoras, seleccionando ao profesorado e alumnado, que actuará, en cada unha das comisións de avaliación existentes por cada unha das ramas de coñecemento. Esta selección será realizada pola Comisión Académica de Calidade. As retribucións que corresponderán ás persoas que participen nas comisións serán as correspondentes as establecidas a tal efecto por ACSUG

Participación	Xornada de traballo presencial			Importe por expediente
	Menor de 6 h	Entre 6 e 8 h	Maior de 8 h	
300 €	100 €	150 €	200 €	25 €

Requisitos

PDI

Segundo se recolle no apartado 3.2.2. Selección dos membros das CAD: criterios, procedemento e fases. A selección dos membros das CAD na Universidade levarase a cabo aplicando os seguintes criterios:

- Calidade da súa actividade docente e investigadora: profesorado con vinculación permanente con polo menos 3 quinquenios.
- Pluralidade: integrado por avaliadores/as de diferentes áreas de coñecemento.
- Xénero: deberase ter unha composición equilibrada entre homes e mulleres.
- Representatividade: diferentes categorías de profesorado, dependendo do universo obxecto da avaliación.
- Experiencia en avaliación (institucional e do profesorado).
- Incompatibilidade por cargo.
- Non coincidencia por formar parte doutros comités ou comisións de avaliación.

- Ser avaliado no programa Docencia: este criterio aplicarase cando sexa posible e sempre que se obtivese unha valoración de “favorable” ou “moi favorable”

Non poderán formar parte das comisións de avaliación aquelas persoas que van a ser avaliadas nesta convocatoria.

Alumnado

Poderá participar na convocatoria o alumnado de centros propios da Universidade de Vigo que estea matriculado nun título de grao, mestrado ou programa de doutoramento.

Como criterio de selección terase en conta a nota do expediente académico e que estea matriculado/a nos últimos cursos da titulación.

Criterios de valoración das solicitudes

Valoraranse as actividades de avaliación asignando as seguintes puntuacións:

- Actividades de avaliación de profesorado en axencias de calidade: 10 puntos por ano
- Actividades de avaliación de profesorado en universidades: 5 puntos por ano
- Actividades de avaliación de títulos universitarios oficiais en axencias de calidade: 5 puntos por ano
- Actividades de avaliación de títulos universitarios oficiais en universidades: 2.5 puntos por ano
- Outras actividades de avaliación de profesorado: máximo 2 puntos por ano

As actividades de duración inferior a 1 ano terán unha asignación proporcional a súa duración

Presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse segundo o modelo do anexo 1, no Rexistro Xeral (Edificio Exeria, Campus Universitario 36310 Vigo), nos rexistros auxiliares da Universidade de Vigo (Campus de Ourense, campus de Pontevedra e Rúa Torrecedeira nº 86 de Vigo) ou de acordo coas restantes formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015.

A publicación nos rexistros xerais da Universidade de Vigo dos actos que integran este procedemento servirá de notificación para todos os efectos, de acordo co previsto na Lei 39/2015. Simultaneamente serán publicados na WEB da Universidade de Vigo.

O prazo de presentación de solicitudes será dende o día da publicación da convocatoria ata o día 14 de Febreiro de 2019.

Vigo, 23 de xaneiro de 2019

O Director da Área de Calidade

Joaquín Collazo Rodríguez